

## MESA SECTORIAL 17-06-2024

### Plan de cobertura de necesidades de persoal médico en atención primaria durante o período estival do 2024.

O SERGAS presenta un documento na mesa sectorial cun “Plan de cobertura da atención primaria no verán de 2024”, que recolle 4 puntos:

- 1.- Programa extraordinario para a cobertura de necesidades de persoal médico de familia nos puntos de atención continuada (PAC).
- 2.- Programa especial de apoio á atención primaria por parte do persoal do 061.
- 3.- Oferta de mobilidade temporal a centros que precisen reforzos prioritarios ou teñan especiais necesidades de cobertura.
- 4.- Encomenda de funcións ao persoal residente no seu cuarto ano de formación.

**CIG-Saúde** denunciámos que non se trouxera este tema á mesa sectorial para a súa negociación.

- Non se garante a supervisión do persoal residente, no sentido de que non se comprometen a identificar á persoa que exercerá a supervisión do persoal residente que acepte realizar as encomendas.
- Non aceptan que se aplique un complemento retributivo que compense as retribucións ata o valor das retribucións da persoa á que substitúe.
- Non aceptan retirar os compromisos de vinculación estable, que vulneran as listas de contratación vixentes.
- Non aceptan que se recoñezan todos os servizos prestados durante as encomendas, con independencia de en que ámbito se presten.

**CIG-Saúde** solicitamos que se remunere por igual e se recoñezan eses servizos prestados durante o período de encomenda, tanto a quen cubra as vacacións do titor/a coma a quen cubra a ausencia doutro/a profesional. O SERGAS négase.

**CIG-Saúde** insistimos en que nos programas docentes non está incluída a obrigatoriedade de ter que cubrir as ausencias dos/as titores/as, so se recolle que terá un período mínimo de dous meses de prestación autónoma. Denunciámos que están denegando vacacións ao persoal residente alegando que teñen a obriga de cubrir as vacacións do persoal titor.



## MESA SECTORIAL 17-06-2024

### Sentenza de persoal residente

- O SERGAS confirma que van aplicar de oficio a sentenza polo conflito colectivo interposto pola **CIG-Saúde**, quedando pendente que nos informen a data a partir da que abonarán os atrasos.
- No mes de xullo regularizarán as nóminas pagando os atrasos que correspondan.

### Sentenza de vacacións cotizadas e non desfrutadas

- No mes de setembro esperan ter habilitada a modificación do FIDES:
  - para incluír de oficio os días de vacacións xerados nos contratos do SERGAS,
  - e, para que os/as profesionais poidan rexistrar os días de vacacións xerados en contratos de fóra do SERGAS.
- O SERGAS ten previsto que a partir de xaneiro de 2025 esa información estará validada no FIDES e estarán en disposición de valorar ese tempo traballado nos procesos de selección futuros.
- En canto aos trienios o SERGAS indica que ese tempo terano en conta para o perfeccionamento de trienios futuros.

### Outras demandas de CIG-Saúde.

- Denunciamos que na previsión de xuño non está incluído o **segundo ciclo de adxudicación do concurso de méritos de difícil cobertura**. A Directora de RRHH informa que quedará para despois do verán.
- Solicitamos que se convoquen as reunións da **comisión de permisos** e de negociación do **pacto de contratacións**.
- Solicitamos que se trate canto antes na mesa sectorial diversas cuestións que quedaron pendentes de interpretación do **acordo do 20 de abril de 2023**, ademais de elaborar a instrución da xornada do 2025. Insistimos en que o acordo é de aplicación a todo o persoal estatutario tanto do SERGAS coma das fundacións e axencias, e que as discrepancias interpretativas teñen que tratarse na mesa sectorial.
- Solicitamos que se trate na mesa sectorial o tema dos **médicos/as de urxencias hospitalarias** tal e como estaba acordado previamente.
- Esiximos que se avance no **plan de ordenación de recursos humanos de atención primaria e hospitalaria**, solicitando que se marque un cronograma de negociación.

**Para máis información, diríxete aos/ás delegados/as de CIG-Saúde do teu centro.**

